

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Movemento
DISCIPLINA	Acrobacia
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Xestual
CURSO	4º (1º cuadrimestre)
CRÉDITOS ECTS	3
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Ricardo Solveira Díaz
DOCENTES	Nome e apelidos: Ricardo Solveira Díaz Horario tutoría: https://esadgalicia.com/curso-escolar/ Despacho: D2 Contacto: ricardosolveira@edu.xunta.es
DESCRICIÓN	Desenvolvemento e potenciación das calidades psico-físicas do actor. Adquisición de conceptos e hábitos técnicos relacionados co movemento acrobático nun contexto dramático. Aprendizaxe e dominio de técnicas acrobáticas elementais aplicadas ao feito teatral.
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego X Castelán X Inglés
2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DA TITULACIÓN	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T10	Liderar e xestionar grupos de traballo.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X2	Comprender psicoloxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose ás demais persoas e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos

	adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.		
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.		
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.		
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE			
EI1	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.		
EI2	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.		
EI3	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.		
EI5	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.		
3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA		COMPETENCIAS VINCULADAS	
1. Preparar o corpo do alumnado para a actividade acrobática por medio do adestramento psico-físico.		X2, X3	
2. Desenvolver principios fundamentais no actor como o equilibrio, axilidade, coordinación e confianza.		X1, X3	
3. Executar habilidades acrobáticas elementais de forma individual, en parellas ou grupal.		T7, T10, X5	
4. Aplicar as ferramentas e técnicas acrobáticas nun contexto dramático.		T1, T3, X2, X6,, X8,EI1, EI2, EI3, EI5	
4. CONTIDOS			
TEMAS	SUBTEMAS	HORAS	
1. Introducción á acrobacia para o actor	1.1 Diferenzas entre Acrosport, Circo e Acrobacia Dramática	3	
2. Acondicionamento físico.	2.1 Bases anatómicas para o movemento 2.2 Fondo físico 2.3 Desenvolvemento da resistencia e a forza 2.4 Flexibilidade e alongamentos	3	
3. Volteretas	3.1 Individuais 3.2 Voltereta en parella	9	
4. Inversións		3	
5. Cuadrupedias		6	
6. Portor-áxil	6.1 O rol de cada actor 6.2 Cambios de rol	6	
7. Figuras acrobáticas	7.1 Entrada, execución, saída 7.2 Figuras en parella e en grupo	3	
8. Acrobacia dramática.	8.1 Aplicación das figuras nun contexto dramático.	12	
TOTAL HORAS		45	
5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	3	3	6
Exposición maxistral			
Exposición práctico-teórica	3		3
Práctica individual	12	15	27

Práctica colectiva	12	30	42
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias			
Outros			
Tutorías individuais	3		3
Tutorías de grupo	3		3
Actividades de avaliación. Probas	2		2
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	3		3
Actividades de avaliación. Revisión	1		1
TOTAL	45	45	90
PORCENTAXE	50%	50%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Exposición práctico-teórica.	Exposición por parte do docente e/ou alumnado ante un grupo de alumnos dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun proxecto, exercicio ou problema.
Traballos de aula.	O alumnado desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor.
Práctica colectiva.	O alumnado desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor de xeito grupal.
Tutorías individuais.	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado da materia para asesoramento/ desenvolvemento de actividade da materia e do proceso de aprendizaxe.
Tutorías de grupo.	Entrevista que o grupo fai co profesor da materia para asesoramento/ desenvolvemento de actividade da materia e do proceso de aprendizaxe.
Presentacións / mostras.	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas, e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo, desenvolvidas nun espazo de representación con público.
Metodoloxía integradora: Aprendizaxe colaborativa.	Enfoque interactivo de organización do traballo no cal os alumnos son responsables da súa aprendizaxe a da dos seus compañeiros nunha estratexia de corresponsabilidade para acadar metas e incentivos de grupo.
Cartafol; dossier.	Documento elaborado polo estudante que recompila información sobre as experiencias, proxectos, tarefas e traballos realizados durante o proceso de formación.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado, facendo un análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística da forma mais adecuada.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquiredanzas que xurdan en cada caso.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

8. 1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo de aula/ Observación sistemática: Técnicas destinadas a recompilar datos sobre a participación do alumno, baseados nun listado de condutas ou criterios operativos que facilitan a	T1; T3; X1,X6; E11	30%

obtención de datos cuantificables.		
Práctica colectiva/Observación sistemática: Técnicas destinadas a recompilar datos sobre a participación do alumno no grupo, baseados nun listado de condutas ou criterios operativos que facilitan a obtención de datos cuantificables.	T10; X3; X8	30%
Presentacións / mostras: probas para a avaliación que inclúen actividades, mostras ou exercicios prácticos. O alumnado debe dar resposta á actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia.	T7; X1; X2; X5; E11; E12; E13; E15	40%

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Elaboración dun quecemento acrobático.	T1; T3; T7; T10	20%
Execución das habilidades e destrezas da materia.	T3; X3	20%
Creación dunha partitura acrobática nun contexto dramático colectivo.	T7; T10; X2, X3; X5, X6; E11; E12; E13	50%
Elaboración dunha memoria de traballo	T1; X1; X8, E15	10%

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Elaboración dun quecemento acrobático.	T1; T3; T7; T10	20%
Execución das habilidades e destrezas da materia.	T3; X3	20%
Creación dunha partitura acrobática nun contexto dramático colectivo.	T7; T10; X2, X3; X5, X6; E11; E12; E13	50%
Elaboración dunha memoria de traballo	T1; X1; X8, E15	10%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

- Anderson, Bob (1995): *Estar en forma*. Barcelona, Integral.
- _ (1995) *Estirándose*. Barcelona, Integral.
- Balaskas, Arthur (1987): *Guía completa de ejercicios de stretching*. Urano, Barcelona. Estapé Tous, Elisa (2002): *La acrobacia en Gimnasia Artística*. Inde, Barcelona.
- Invernó i Curós, Josep (2003): *Circo y educación física. otra forma de aprender*. Inde, Barcelona. Lamond, Patricia (2002): *Pilates*. Edimat, Madrid.
- Montilla, M.J. Junyent, M.V. (1996): *1023 ejercicios y juegos de equilibrios y acrobacias gimnásticas*. Ed. Paidotribo, Barcelona.
- Perdráz, Miguel Vicente (1999): *Actividades acrobáticas grupales y creatividad*. Gymnos, Madrid. Stanmore, Tia

(2002): *Espalda sana*. RBA, Barcelona.

Viedma Martínez, Jose Manuel (2003): *Juegos y ejercicios de acrobacia: la acrobacia como valor educativo*.

Wanceulen, Madrid.

Referencias complementarias

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

O tempo de traballo fora da aula que está vinculado cos créditos ECTS será de obrigada asistencia aos ensaios, titorías ou calquera outra actividade que a materia o precise.

MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a ESAD de Galicia establece unha planificación extraordinaria que se **ACTIVARÁ NO MOMENTO EN QUE A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA O DETERMINE**, atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da presente programación docente. No suposto de que se produza unha emerxencia, a presente programación non sufrirá máis modificación que a derivada da necesidade de articular unha avaliación non presencial, para o que se establecerán as adaptacións necesarias nas actividades e ferramentas de avaliación, en relación coas competencias que se indican e coa ponderación que se sinala.

Para o caso da avaliación non presencial de toda a disciplina, as ferramentas e actividades de avaliación serán as que seguen:

ACTIVIDADE 1. Desenvolvemento dun quencemento individual metódico

Competencias: T1, T3

Ponderación: 20%

ACTIVIDADE 2. Desenvolver as capacidades adquiridas na aula durante o período de presencialidade

Competencias: X6, E1

Ponderación: 20%

ACTIVIDADE 3. Adquirir coñecemento da disciplina a través de diferentes plataformas on-line

Competencias: X1, X8, E13

Ponderación: 20%

ACTIVIDADE 4. Contrastar os coñecemento en liña cas capacidades persoais

Competencias: X3, E15

Ponderación: 20%

ACTIVIDADE 5. Aplicación dramaturxica e escénica dos coñecementos adquiridos

Competencias: X2, X5, E12

Ponderación: 20%

No caso de que o tránsito se produza iniciado xa o curso escolar, o profesorado combinará a avaliación do traballo presencial do alumnado coa avaliación do traballo non presencial, determinando as ferramentas (presenciais e non presenciais) a utilizar e a ponderación das mesmas.

AS PRESENTES MEDIDAS PODERÁN SER OBXECTO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DAS DIRECTRICES OU INTRUCIÓNS QUE POIDA FACER PÚBLICAS A ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO E FORMA AO ALUMNADO POLAS CANLES HABITUAIS (PÁXINA WEB E CORREO ELECTRÓNICO).